

## FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 29-5

<b>Ano</b>	2008
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E SEMIAUTÓNOMO

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>E.arcuatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, Tragove e Tereixiñas.
<b>Subzonas de explotación</b>	Área I: Tereixiñas-Tragove Área II: Ourido. Área III: Galiñeiro

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	11	11
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

<b>Calendario de explotación</b>											
<b>Días máximos de extracción</b>		108									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de maio a outubro.											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
				10	22	22	22	22	10		

<b>Especies</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Mergullador/día</b>
Navalla		10kg/mergullador

<b>Artes ou técnica de extracción</b>	Mergullo en apnea e semiautónomo
---------------------------------------	----------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Lancha da confraría e lonxa de Tragove
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Tragove

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

#### **Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

Con respecto á **ZONA DE TRABALLO**, solicítase ampliación con respecto ao ámbito do plan aprobado para o ano 2007, sen embargo parte das novas zonas estarían situadas en áreas de libre marisqueo, polo que necesitarían da renuncia ou conformidade do resto das entidades interesadas na súa explotación para poder ser incluídas no plan de acordo co disposto na Lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia (artigo 42). Outra parte das novas zonas solaparíase con plans experimentais para a explotación de navalla mediante forquilla que estiveron autorizados o presente ano. Polo tanto, autorízase como área a explotar aquelas zonas incluídas nas zonas de acordo coas confrarías de Vilanova e Illa de Arousa, e parte das autorizacións, quedado cmo ámbito do plan **do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, Tragove e Tereixiñas**

A zona de traballo é común coa explotación por parte do sector de marisqueo a flote polo que o colectivo de mergulladores debe planificar un calendario de traballo que non interfira coa actividade de marisqueo a flote.

O plan foi aprobado inicialmente para 60 días, se embargo o escaso número de embarcacións que traballaban e as cantidades extraídas permitiron incrementar o número máximo de días autorizados solicitadas polo sector. Tamén se incrementou o tope de captura a 10 kg/mergullador sempre e cando o esforzo pesqueiro se mantivese.

A vista do desenvolvemento do plan, cabe destacar que unha mala planificación da actividade, non axustada á realidade dos participantes no plan, prexudica a un colectivo emerxente de mergulladores. A entidade, como responsable do censo de participantes, debería ter en conta a actividade real dos participantes antes de propoñer novas ampliacións de tripulantes.

Isto supón a creación de 8 vacantes neste plan de explotación que serán cubertas segundo a resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos.

Considerase adecuado un calendario de maio a outubro, posto que en marzo e abril son meses de alta probabilidade de desove da navalla. Por outra banda os topes de captura mantéñense en 10 kg/mergullador/día, ante o escaso desenvolvemento do plan e dado que recentemente xa foron incrementados.

Non se acepta o requisito de ter un mínimo de vendas como condición para a renovación da modalidade de navalla longueirón no permiso de explotación das embarcacións, por non estar contemplado na normativa vixente para a explotación de recursos específicos nin no permiso de explotación destes recursos.

Con respecto aos traslados de solénidos, non pode avaliarse esta actividade de semicultivo ao non figurar desenvolvementos no plan os obxectivos, organización e metodoloxía dos traballos, polo tanto non se acepta a súa realización mentres non se presente a información necesaria para a súa valoración.

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada, así como ao estricto cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.